

PROGRAMA

CONCELLO DE TEO

**MUNICIPAIS
2023**



**UNHA
NOVA GALIZA**

**CONCELLO
A CONCELLO**





O teo que vén

O Concello de Teo ten hoxe unha grande cantidade de eivas e problemáticas vinculadas ao seu crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren á veciñanza nunha dinámica de integración e orgullo de pertenza ao Concello, son causa importante do freo da evolución de Teo.

Ante esta situación, o BNG quere implantar unha serie de políticas que considera esenciais para rachar cos males endémicos do noso Concello de maneira que aquelas cuestións que frean o seu crecemento sexan superadas mediante políticas activas de dinamización.

Temos escaseza de empresas que xeren postos de traballo, de infraestruturas, de espazos onde convivir e confraternizar, de mecanismos que fomenten a participación activa da poboación nas decisións do Concello, un rural en franco retroceso, sen apenas iniciativas que pretendan reverter a situación, hai un descoñecemento das parroquias por parte dunha parte importante da poboación, unha separación cada vez maior entre o rural e o urbano.

Precisamos pois, políticas intensas centradas na creación de emprego e dinamismo económico, na dotación de novas infraestruturas comunitarias e de servizos, humanización dos núcleos de poboación creando espazos de convivencia, novos métodos e mecanismos de participación cidadá, captación de recursos nas diversas administracións supramunicipais, chámese Xunta, Deputacións ou programas europeos, nos que polas nosas características, temos as portas abertas.

O BNG presenta unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Teo. Nesta candidatura unimos a xuventude, temos o candidato máis novo, coa competencia e experiencia dos demais membros. Unha nova xeración disposta a darlle vida a Teo, con propostas, con iniciativas pero tamén con preparación e capacidade técnica e política para resolver os problemas que vaiamos atopando no camiño.

O noso contrato é co pobo de Teo. Traballaremos arreo para non deixar a ninguén atrás, a cidadanía orgullosa de ser deste concello debe ser o motor no que sustentemos os cambios e melloras nas que cremos e que o BNG vén demostrando por Galiza adiante que é posíbel crer. Só precisamos que vos apuntedes ao reto.

**Teo
Merece
Máis!**



Principios:

Queremos máis postos de traballo en Teo.

Polígono industrial, políticas activas de Emprego, aproveitando as nosas potencialidades e utilizando recursos hoxe non usados polo Concello e co apoio das nosas empregadoras, que deben ser apoiadas e converterse en aliadas destas novas políticas.

Queremos vivir e desfrutar aquí.

Debemos crear espazos para convivir e socializar, tanto no ámbito urbano como no rural, promocionar as actividades sociais deportivas culturais, apoiar ao comercio e á hostalaría con novas iniciativas municipais para facer da nosa contorna un lugar agradable e mesmo o mellor lugar para o noso recreo.

Queremos infraestruturas básicas acordes coa nosa poboación.

O concello de Teo con preto de 19.000 habitantes carece de servizos e infraestruturas acordes coa poboación así coma un correcto mantemento das mesmas.

Queremos abrir as portas do concello , participa e decide.

O noso primeiro impulso será que os despachos do goberno municipal estean ao voso dispor, queremos que o concello sexa a vosa casa , que participedes que decidades e aportedes dinamismo e ilusión á xestión, e ademais crearemos mecanismos para que sexa ben doado facer cousas polo teu pobo (asociacións, clubs deportivos...)

Queremos o noso medio ambiente e patrimonio como nunca.

Calquera actividade que se pretenda instalar no noso concello deberá respectar o noso medio ambiente como condición ineludibel, e poñeremos en valor os nosos ríos, os montes e até os regatos pequenos, fonte de recursos e de calidade de vida.

O noso patrimonio moitas veces descoñecido, farémolo visibel e dispoñibel para o disfrute e transmisión de recursos da historia e a cultura do noso concello.

**Teo
Merece
Máis!**



PROMOCIÓN ECONÓMICA E INNOVACIÓN

Economía local e emprego

Para o BNG é un obxectivo facilitar as condicións para a creación de emprego vinculado ao desenvolvemento local e ao benestar social. Para isto:

- Dinamizaremos as infraestruturas públicas en diferentes parroquias para facilitar o autoemprego e a creación de empresas.
- En colaboración co tecido económico local, elaboraremos un plan de acción para lograr unha efectiva promoción da economía local.
- Impulsaremos un polígono industrial e de servizos para Teo.
- Promoveremos e fomentaremos a formación para os/as desempregados/as.
- Apoiaremos as escolas centradas en recuperar a artesanía local e os oficios especializados, e fomentaremos feiras para dar a coñecer o seu traballo.

Desenvolvemento rural con futuro

Nas últimas décadas Teo adquiriu unha dimensión como espazo urbano e semiurbano, mais non debemos esquecer que en parte do Concello segue existindo unha presenza destacada de usos rurais con aproveitamentos agrícolas, agrogandeiros e forestais. É preciso impulsar e favorecer a competitividade destas actividades. Para isto:

- Reclamaremos á Xunta que cumpra o acordo parlamentario de novembro de 2018 para rematar a concentración parcelaria en Teo. De feito, culminar o proceso de ordenación e concentración forestal e parcelaria pendente en varias parroquias só contou, durante o actual mandato, coas iniciativas impulsadas polo BNG.
- Impulsaremos o plan rural de Teo, incluíndo medidas de fortalecemento das actividades agrogandeiras existentes e promoveremos un tecido asociativo de terras forestais para a substitución progresiva de plantacións de eucalipto por outras especies arbóreas economicamente competitivas pero máis beneficiosas para o noso territorio e medio ambiente.
- Facilitaremos o asesoramento para a xestión da propiedade nas zonas rurais.
- Fomentaremos a adquisición de produtos locais nos servizos municipais.
- Impulsaremos a ampliación e mellora dos mercados locais.

**Teo
Merece
Máis!**



Turismo

Dende o BNG de Teo queremos desenvolver o potencial turístico do Concello, debido á importancia que este ten para a xeración de emprego, como xeito de dar a coñecer o Concello ás veciñas, veciños e visitantes. Promoveremos un modelo turístico sostibel, respectuoso coa veciñanza e xerador de recursos económicos. Para isto:

- Impulsaremos a elaboración dun mapa de recursos e servizos para a veciñanza e os/as visitantes do Concello, en base ao noso patrimonio natural (a área do Ulla, Carballeira de Francos), medioambiental e cultural (como o Entroido, a Feira de San Martiño e demais festas populares e gastronómicas).
- Recuperaremos os núcleos tradicionais fomentando unha humanización respectuosa coas diferentes identidades, xeradores de interese turístico polas súas singularidades, buscando financiamento a través da colaboración con outras administracións.

Servizos e comercio local

O comercio é un sector básico, tanto polas súa magnitude como pola súa importancia social, ademais de ser un elemento de cohesión social no Concello. Dentro das posibilidades municipais, o BNG loitará por manter, apoiar e dinamizar o comercio local de proximidade. Para isto:

- Colaboraremos co comercio de proximidade na súa modernización e no seu asesoramento en aspectos como a dixitalización ou novo modelos de negocio e xestión.
- Apoiaremos iniciativas e impulsaremos campañas que fomenten o consumo no comercio de proximidade.
- Fomentaremos a compra dos consumos municipais nos comercio locais.

Establecemento da mocidade en Teo

O BNG dará prioridade á implantación de políticas que ofrezan a oportunidade e favorezan o asentamento da mocidade en Teo. Para isto:

- Crearemos un plan de apoio ao emprendemento xuvenil e apoiaremos as empresas tecnolóxicas e culturais con aplicación de tipos mínimos nos impostos locais para aqueles proxectos e iniciativas empresariais que xeren emprego xuvenil.
- Facilitaremos o asesoramento, as axudas económicas e infraestruturas ao autoemprego.

**Teo
Merece
Máis!**



CALIDADE DE VIDA. OS DESAFÍOS DA EMERXENCIA CLIMÁTICA

Dereito ao espazo público

Os espazos públicos urbanos e os de centralidade parroquial son elementos fundamentais da socialización e da cohesión social e, por tanto, deben poder ser utilizados en boas condicións por toda a poboación. Expulsar as persoas do espazo público é un grave atentado á igualdade de oportunidades. É por isto que:

- Promoveremos e aplicaremos medidas que supoñan que a mobilidade peonil sexa prioridade na mobilidade municipal, avanzando na recuperación e creación de espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros e con usos plurais, de modo que sexan centros de socialización e convivencia veciñal.
- Elaboraremos e implementaremos proxectos de redeseño integral das zonas verdes, como pode ser o caso dos Tilos.

Cambio de modelo na mobilidade. Aire fresco!

O transporte público é un dos principais problemas de Teo. Consideramos que un servizo público de transporte é fundamental e ten que vertebrar o Concello, motivo polo que ten que ser reformulado para atender as partes de Teo que non teñen ningún servizo de transporte e que non enlazan coas principais liñas existentes. Para isto:

- Fomentaremos a implantación do bono-bus para estudantes, desempregados/as e pensionistas para o transporte.
- Impulsaremos un plan de transporte público efectivo con especial atención ao funcionamento da liña do corredor Santiago-Pontevea. Reclamaremos a colaboración da Xunta de Galiza para atender estas demandas.
- Elaboraremos un plan de seguridade viaria e de humanización de Teo, fomentando camiños seguros axustados á realidade do noso Concello e as redes viarias.
- Reclamaremos ás administracións competentes a humanización e o incremento das medidas de seguridade viaria e redución de velocidade nas estradas da súa competencia (AC-841, N-550, DP-0205, etc..)
- Provomeremos os vehículos menos contaminantes, especialmente as alternativas aos combustíbeis fósiles, e crearemos plans informativos.

**Teo
Merece
Máis!**



Sustentabilidade ambiental

A sustentabilidade ambiental supón o compromiso da presente xeración cara a xeracións vindeiras, xorde de asumir a responsabilidade en que o patrimonio natural, as paisaxes, os territorios e o medio sexan respectados, protexidos e preservados. Para isto:

- Abordaremos servizos e competencias municipais que precisan un cambio, para acadar un enfoque completo, de calidade e sustentabel, que contribúa á calidade de vida e á loita contra a emerxencia climática.
- Asumiremos un papel activo en materia de vixilancia e conservación das masas forestais. Loitaremos contra os incendios forestais dentro da competencia municipal, traballando na prevención e asegurando o cumprimento rigoroso da normativa de protección de núcleos rurais.

Ciclo da auga

A auga é un recurso escaso. Un dos grandes retos da humanidade é o abastecemento de auga potable á poboación en condicións de seguranza. Na actualidade, un dos obxectivos principais aos que se enfrontan todas as sociedades é dar un tratamento adecuado, eficaz e eficiente a todo o ciclo da auga. Para isto:

- Traballaremos para que toda a veciñanza do Concello dispoña de servizos básicos como o abastecemento de auga e o saneamento integral.
- Realizaremos un estudo das verteduras sobre regos e regatos para establecer a prioridade de actuacións e comprometernos a desenvolver unha solución para recuperar a saúde do sistema fluvial de Teo.

Residuos municipais

O BNG sempre rexeitou e continúa a rexeitar o tratamento dos residuos municipais no modelo de Sogama, baseado na incineración da case totalidade dos residuos e que non dá cobertura á necesidade ambiental e legal de reciclar os bioresiduos. Por isto:

- Promoveremos un novo modelo na xestión dos residuos municipais, apoiado na implicación colectiva e a participación directa de toda a sociedade, pois esa é a premisa para que realmente poida funcionar.
- Apostaremos por un modelo e frecuencia de recollida rural e urbana que garanta unha separación de calidade dos bioresiduos e demais fraccións.
- Impulsaremos á compostaxe doméstica e comunitaria, así como unha separación eficiente dos diferentes residuos como indica a lexislación europea sobre a xestión dos residuos.
- Faremos un programa de educación ambiental e sensibilización social.

**Teo
Merece
Máis!**



Iluminación e enerxía

O alumado público é garantía do correcto tratamento do espazo público desde dúas dimensións. Dunha banda, garante espazos seguros e transitabeis e, doutra banda, os espazos ben iluminados teñen especial importancia no deseño de espazos accesibles. Para isto:

- Impulsaremos ou colaboraremos en proxectos de autoconsumo, comunidades enerxéticas, redes de calor e outras alternativas de enerxías renovabeis de proximidade.
- Traballaremos no aforro enerxético, xa non só por unha cuestión de aforro, senón tamén por unha cuestión ambiental.
- Impulsaremos un plan de acción local para diminuír a pegada de carbono de todas as instalacións municipais, mediante a eficiencia enerxética, redución de consumos e incorporación de sistemas renovabeis.
- Recolleremos medidas que busquen mellorar a rede de distribución eléctrica e o propio servizo para evitar caídas de tensións ou apagóns.

Urbanismo, territorio e medio

A curto prazo a función máis importante do Concello consiste na prestación dos servizos básicos, mais a medio e longo prazo, é preciso tratar de incidir na ordenación do territorio, tanto na previsión de intervencións sobre el como nas actuacións que se fagan para o seu coidado e permanencia. O urbanismo debe desenvolverse mediante unha planificación multisectorial, onde a mobilidade, a definición de estratexias de infraestrutura verde ou os procesos de naturalización urbana camiñen da man na procura de concellos saudabeis e sustentabeis. Por isto:

- Impulsaremos modificacións parciais do PXOM adaptándoo á realidade socioeconómica e ás perspectivas demográficas de Teo, baseado no criterio do desenvolvemento sostibel e ordenado, e no que se contemple un polígono industrial e de servizos tan necesario neste Concello.
- Adoptaremos todas as medidas posibles para protexer as contornas naturais, e para evitar, no marco das competencias municipais, que en Teo poida haber instalacións que agredan a nosa paisaxe e patrimonio, o medio ambiente ou a vida das persoas, como pode chegar a suceder co vertedoiro da Casalonga, o parque eólico no Monte Piquiño ou a pirotecnia de Solláns.



DEMOCRACIA, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN

Para o BNG un dos principios fundamentais da xestión pública é a transparencia, fonte de confianza entre a veciñanza e o Concello. Esta transparencia traducirase en dar conta de cada céntimo de euro xestionado. Outro principio básico é a participación veciñal. Por iso, comprometemos a fomentala, de forma directa e aproveitando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías. Por isto:

- Fomentaremos a participación veciñal nos órganos de goberno. Poñeremos en marcha orzamentos participativos eficaces que faciliten a implicación da cidadanía.
- Estableceremos unha canle de relación directa e regular entre o tecido asociativo e o Concello para coñecer as necesidades e as problemáticas de cada unha das asociacións, ademais de establecer unha estreita colaboración na organización das diferentes actividades que desenvolvan. Impulsaremos a participación dos colectivos e entidades representativas nos procesos de toma de decisión do seu ámbito sectorial.
- Impulsaremos as “cartas de servizos” como mecanismo fundamental para que os/as veciños/as coñezan todos os servizos aos que poden ter acceso así como os procedementos que conlevan.
- Manteremos un Concello aberto, no que os cargos públicos sexan accesibeis ás veciñas e veciños e realizaremos xuntanzas abertas coa veciñanza.
- Promoveremos a máxima transparencia en toda a actividade municipal, empregando as tecnoloxías da comunicación para dar conta especialmente dos acordos e decisións adoptadas.
- Implantaremos a total transparencia informativa na xestión dos recursos públicos e nos criterios de concesión de becas, axudas e subvencións municipais.

**Teo
Merece
Máis!**



BENESTAR SOCIAL: O DEREITO A UNHA VIDA DIGNA

Saúde e benestar

O BNG considera que a saúde é un dereito fundamental. Dentro das competencias municipais, fomentárase a eficiencia e a calidade dos servizos, sen deixar de esixir ao Goberno da Xunta de Galiza que asuma as súas competencias en canto á dotación de persoal, servizos comarcais, infraestruturas... Por isto:

- Incidiremos para que, dunha vez por todas, Teo poida ter unhas infraestruturas sanitarias axeitadas e actualizadas ás necesidades da veciñanza, cos servizos necesarios e cunha dotación adecuada, tanto da incorporación de novas profesións sanitarias como de medios técnicos.
- Promoveremos un plan de prevención do xogo de apostas e das adicións. Levaranse a cabo campañas periódicas de información sobre desordes alimentarias, drogodependencias e outras adicións, sexualidade e anticoncepción, prevención das ETS...
- Elaboraremos e promoveremos campañas de vida saudabel e de prevención de enfermidades.
- Fomentaremos actividades deportivas, lúdicas e terapéuticas en colaboración co tecido asociativo.

Inclusión social e igualdade

O obxectivo da inclusión social e igualdade é desenvolver políticas nesas materias que consigan que ninguén quede atrás, que en Teo ningunha persoa quede fóra, relegada, discriminada ou excluída. O obxectivo é combater en colaboración coa Deputación e a Xunta a desigualdade que esixe a atención integral das persoas máis desfavorecidas. Traballaremos para asegurar todos os dereitos, para todas as persoas, ao marxe do lugar de orixe, idade, sexo, capacidade, orientación sexual ou relixión. Para isto:

- Poñeremos en marcha campañas informativas e de detección de problemáticas sociais.
- Atenderemos as necesidades dos colectivos máis desfavorecidos.
- Incrementaremos os servizos de protección social.
- Fomentaremos un programa de acollida a persoas refuxiadas.
- Melloraremos ou poremos en marcha iniciativas que axuden a paliar situacións de risco de exclusión ou de dificultades económicas, como pode ser o roupeiro municipal, o banco de alimentos ou o banco de aparellos electrónicos.

**Teo
Merece
Máis!**



Benestar animal: imprescindible para o benestar social

O benestar social conleva necesariamente satisfacer as preocupacións derivadas da situación do benestar dos animais de compañía e o conxunto dos seres vivos do noso Concello. Coa mirada posta nas necesidades máis urxentes neste ámbito consideramos prioritario:

- Poñeremos en marcha, en colaboración coas clínicas veterinarias radicadas no Concello, campañas de microchipado e esterilización de animais de compañía.
- Continuaremos e melloraremos a xestión da recollida de animais ambulantes e o control de colonias felinas, en colaboración con asociacións protectoras con traballo no Concello.

Actividade física

A promoción da práctica deportiva contribúe a fomentar hábitos de vida saudabeis entre a poboación, constitúe unha alternativa no tempo de ocio que facilita o contacto entre veciños/as, o coñecemento das realidades máis próximas e fomenta valores de esforzo, respecto e amizade. O BNG apoiará a extensión da práctica deportiva popular, con inclusión da perspectiva de xénero e priorizando a democratización e fomento do deporte para todas as idades e con diferentes capacidades, abrindo totalmente as portas das infraestruturas deportivas e fomentando por igual todas as modalidades deportivas. Para isto:

- Impulsaremos a creación dun centro deportivo multiusos, no que tamén teña cabida a práctica de deportes non de masas.
- Acondicionaremos as infraestruturas existentes para que estean en condicións óptimas para a practica deportiva
- Facilitaremos o acceso ás instalacións deportivas municipais para a mocidade, pensionistas e xubilados/as.
- Apoiaremos e potenciaremos as escolas deportivas municipais.
- Promoveremos o deporte entre a mocidade con programas específicos.
- Racionalizaremos o uso das instalacións deportivas municipais
- Recuperaremos e fomentaremos os deportes e xogos tradicionais.
- Apoiaremos ás entidades deportivas establecendo unha colaboración permanente coa área de deportes para a atención das súas demandas e tamén para a realización de actividades conxuntas.

**Teo
Merece
Máis!**



A IDENTIDADE COMO FERRAMENTA DE TRANSFORMACIÓN

Concellos galegos, concellos en galego

No BNG de Teo estamos comprometidos coa normalización social da lingua en todos os ámbitos de actuación. Atopámonos nun contexto sociolingüístico de perda de falantes, de maneira alarmante entre os/as máis cativos/as e a mocidade, polo que o noso papel en prol da normalización é crucial. É preciso que a valoración e a normalización da lingua galega sexa un obxectivo preferente e central na nosa acción municipal. Para isto:

- Activaremos programas de promoción á lectura en galego.
- Cumpriremos a ordenanza municipal de uso e promoción da lingua propia e garantiremos o uso do galego en toda a documentación municipal e na relación coa cidadanía.
- Apoiaremos e crearemos campañas de normalización e programas de galeguización de actividades sociais.
- Crearemos e reforzaremos áreas políticas específicas para a coordinación, planificación e desenvolvemento dunha política lingüística municipal, así como un servizo de normalización lingüística.
- Implantaremos órganos de participación nos que deben implicarse os distintos colectivos, entidades e persoas interesadas no deseño e aplicación da política de normalización.
- Intensificaremos a colaboración con entidades sociais (ANPAS, centros de ensino, asociacións veciñais...) para multiplicar as accións de fomento do uso da lingua galega.

Unha verdadeira política cultural

Entendemos a política cultural como unha actividade inserida na nosa realidade social e lingüística, cuxo obxectivo principal debe ser a afirmación e o fortalecemento da nosa identidade como nación. A promoción, divulgación e impulso da cultura é imprescindible municipalmente. Unha política cultural enraizada no país contribúe ao noso autoconecemento e autovaloración como pobo, máis alá de ser base tamén para o desenvolvemento social e económico. Para isto:

- Recuperaremos as Casas Comúns como espazos cheos de actividades para a veciñanza (cestería, poda, pintura, divulgación, exposicións...).
- Promoveremos un Centro Sociocultural central con programación regular e de calidade.
- Desenvolveremos axendas culturais con cabida para a participación da mocidade no Concello, planificando, consensuando e executando medidas e programas que favorezan que a mocidade tamén faga vida en Teo.

**Teo
Merece
Máis!**



- Fomentaremos e diversificaremos a oferta cultural creando un centro de formación artístico con distintas especialidades. Impulsaremos a creación dunha Escola de Música recuperando o local de ensaio existente no Concello.
- Impulsaremos a creación dunha emisora de radio municipal.
- Fomentaremos as sinerxías entre as distintas iniciativas culturais apoiando unhas xornadas de encontro e actividades entre as distintas asociacións.
- Daremos cabida e apoiaremos a creación, a investigación e o asociacionismo cultural.
- Promoveremos os grupos locais, facilitando espazos e incentivando a creación musical popular, tradicional e contemporánea. Apoiaremos formacións musicais integradas por mozas/os, facilitándolles acceso a locais de ensaio e potenciando a súa inserción na actividade cultural municipal.
- Fomentaremos a creación dun tecido asociativo xuvenil forte, promovendo as propostas que veñan de asociacións xuvenís e que contribúan positivamente á vida en Teo, co fin de sumar mocidade galega á participación social e á adquisición de competencias como a corresponsabilidade, o compromiso e o pensamento crítico.
- Dotaremos as bibliotecas públicas dun horario amplo e dunha programación especial para os períodos vacacionais, incorporando a estas espazos específicos de estudo.
- Prestaremos atención ás festas populares, apoiando a presenza permanente de manifestacións da cultura nacional e popular, de contidos culturais e musicais en galego.
- Levaremos actividades culturais ás parroquias e aldeas.

Patrimonio

Teo conta con un rico e diverso patrimonio cultural, material e inmaterial, que perdura nas parroquias como mostra dunha identidade forte, produtiva e dinámica. Para vivir unha vida digna é imprescindible poder gozar do noso patrimonio, poñelo en valor, traballar para o seu coñecemento e desenvolver unha planificación desde un pensamento autocentrado no país e nas/os galegas/os. Os bens culturais deben ser considerados como parte do territorio e da comunidade. É así como adquiren valor real, opcións de uso e goce, e compromiso coa súa conservación e promoción. Para isto:

- Recuperaremos, protexeremos e promoveremos o aproveitamento do patrimonio arqueolóxico, histórico e etnográfico.
- Poñeremos en marcha a valorización da contorna de Pontevea e a Burga e impulsaremos a área recreativa do Xirimbao e as ribeiras dos ríos.
- Impulsaremos o Camiño portugués, o Camiño dos Arrieiros...

**Teo
Merece
Máis!**



- Impulsaremos a creación dunha oficina de turismo itinerante ou dunha guía que contemple todos os lugares relevantes patrimonialmente, como muíños, pombais, cruceiros, pesqueiras... Fomentaremos camiñatas e roteiros por estes lugares.
- Investigaremos, protexeremos, recuperaremos, difundiremos e aproveitaremos, en colaboración con colectivos veciñais e culturais, a nosa tradición oral, fomentando na poboación o coñecemento do noso pasado. Potenciaremos as relacións interxeneracionais coa recollida da memoria viva (lendas, contos, traballos, festas, oficios...).
- Reduciremos os impostos municipais ós/ás propietarios/as de leiras que contén con elementos patrimoniais de valor, coa condición de fomentar a súa conservación, posta en valor e desfrute.
- Estableceremos acordos coas diferentes universidades galegas para colaborar na execución de proxectos específicos.

Memoria histórica

A memoria histórica ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a defensa dos dereitos humanos e a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país. Cómpre, por tanto, apoiar todas aquelas actividades que contribúan para dar luz e a divulgar aspectos do noso devir histórico, fundamentais para mellor recoñecérmonos como pobo. Para isto:

- Fomentaremos a investigación e divulgación da historia local como xeito de favorecer a consciencia nacional
- Eliminaremos a simboloxía existente relativa ao golpe de Estado e á ditadura franquista no Concello ao tempo que difundiremos, recuperaremos e homenaxearemos a imaxe e memoria das diferentes personalidades que foron importantes na loita pola democracia no Concello e na Galiza.

Apoio aos sectores emerxentes

En Teo temos un potencial por desenvolver no que atinxe a relación coas industrias culturais e creativas. Nos últimos anos asistimos en diferentes eidos ao desenvolvemento de iniciativas de especial relevancia no audiovisual, produción, música, deseño, ilustración... Son múltiples as disciplinas en que se pode apreciar un xeito propio e diferente de facer e que merecen a consideración, apoio e impulso municipal. Desde o BNG buscaremos as accións e medidas que faciliten a promoción destes sectores asumindo a súa importancia no desenvolvemento local a través das seguintes accións. Por isto:

- Crearemos redes de recursos compartidos e bancos de proxectos municipais que contribúan o coñecemento das experiencias.
- Traballaremos na creación e no fomento de novos públicos que poidan viabilizar a aposta por estes sectores.

**Teo
Merece
Máis!**



SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

Priorizamos a asunción da prestación de servizos públicos básicos fronte as competencias impropias que nos son impostas, pero sen deixar de satisfacer as necesidades da veciñanza reclamando o cumprimento da prestación dos servizo que son competencia doutras administracións.

Estamos cofinanciando os servizos públicos básicos que cobren dereitos fundamentais debido ao abandono de funcións e incumprimento das súas competencias por parte da Xunta de Galiza.

Entre as medidas de promoción dos servizos públicos destacamos as seguinte iniciativas.

. Adoptaremos medidas para acadar maiores niveis de seguridade incrementando gradualmente o cadro de persoal da policía local co obxectivo de implantar o servizo as 24 horas.

- Apostaremos pola continua mellora dos servizos de Protección Civil con formación e dotación de recursos suficientes.
- Demandaremos á Xunta de Galiza as melloras necesarias nos Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) e Instituto de Educación Secundaria (IES) de Cacheiras.
- Achegaremos os servizos municipais á veciñanza, abrindo a súa xestión a novas realidades. Como por exemplo a inclusión nos comedores que dependan do concello de menús alternativos por cuestións de saúde, relixiosas ou éticas.
- Poñeremos en marcha un proxecto no parque da Torre como plan de educación viaria.
- Acondicionaremos, actualizaremos e manteremos en condicións óptimas as escolas unitarias, garderías e os centros de educación primaria coa instalación de camiños seguros, ampliación dos espazos de recreo onde fose preciso e outorgándolle ao consello escolar municipal a importancia e voz que merece.

A prestación de servizos públicos de calidade debe estar acompañada da promoción de instalacións de oficinas municipais en distintos puntos do concello e garantir a atención presencial nas mesmas.

**Teo
Merece
Máis!**



CONCELLOS POLA IGUALDADE E CONTRA O PATRIARCADO

Acción feminista

No BNG temos na nosa esencia política a defensa dos dereitos das mulleres e a loita por unha sociedade verdadeiramente igualitaria. Nun contexto no que a crise económica arrasou coas axudas que moitas mulleres percibían por coidar persoas dependentes, no que a reforma laboral e a destrución de emprego expulsou a moitas mulleres do mundo laboral, no que a violencia machista continúa a ser unha lacra que ameaza constantemente a vida das mulleres, é preciso unha política municipal activa que confronte o patriarcado e que defenda os dereitos das mulleres. Para isto:

- Incrementaremos a oferta de servizos de conciliación, especialmente en períodos vacacionais.
- Impulsaremos programas de igualdade nas escolas.
- Fomentaremos o emprego, con especial incidencia na igualdade salarial e a non discriminación por xénero nas empresas.
- Fomentaremos o incremento da implicación social das mulleres, promovendo o asociacionismo e a súa participación activa na toma de decisións da comunidade.

A diversidade, garantía da igualdade

Para o BNG a loita contra as desigualdades e discriminacións por orientación afectiva e sexual, identidade e expresión de xénero, débense traballar para garantir a todas as persoas o dereito a vivir totalmente libres de violencia e opresión. Por iso é importante incorporar a perspectiva da diversidade emocional, sexual e de xénero na axenda política do municipio e na acción política municipal. Por isto:

- Incorporaremos a perspectiva LGBT nos principais plans e programas municipais, para garantir a transversalidade destas políticas.
- Impulsaremos unha política de comunicación local inclusiva con diversidade sexual e identidade de xénero.

**Teo
Merece
Máis!**



CONCELLOS BEN XESTIONADOS

Traballarmos nunha política tributaria municipal que estea ao servizo da veciñanza é crucial. O Concello debe utilizar todos os instrumentos fiscais dos que dispón para complementar o seu financiamento. No BNG defendemos a xustiza e a equidade fiscal no ámbito municipal. As medidas fiscais e de prezos públicos deben ter en conta a necesidade e a capacidade económica da maioría social da poboación. Por isto:

- Promoveremos a eficiencia de xestión e a racionalización de uso e emprego dos recursos públicos.

CONCELLOS COMPROMETIDOS COAS PERSOAS MAIORES

Dende o Concello hai que contribuír ao envellecemento saudabel e activo, facilitando a autonomía persoal e garantindo que ningunha persoa sexa discriminada a medida que vai envellecendo. É importante que a perspectiva de idade estea incorporada en todas as políticas e actuacións municipais, facendo que as persoas maiores poidan implicarse identificando as súas necesidades e ofrecendo propostas para a súa solución. Por isto:

- Propoñeremos un plan local específico de atención ás persoas maiores coa finalidade de saber dar unha resposta municipal ao progresivo envellecemento da poboación do Concello e promover a calidade de vida e a participación destas persoas maiores.
- Fomentaremos actividades de lecer activo.
- Reclamaremos á Xunta de Galiza a posta en marcha do Centro de Día que a veciñanza de Teo leva anos demandando, así como unha Residencia Pública de atención á terceira idade ou a creación de apartamentos para persoas maiores autónomas.
- Promoveremos a alfabetización informática e tecnolóxica das persoas maiores para achegalos ás novas tecnoloxías.
- Procuraremos medidas que poñan en marcha un servizo de acompañamento de persoas maiores que viven soas para realización de diferentes trámites, visitas médicas...



AS NOVAS TIC AO SERVIZO DA SOCIEDADE

Son moitas as ferramentas das que nos dotan as novas tecnoloxías para acadar unha comunicación máis eficaz e eficiente entre os concellos e a veciñanza. As páxinas web institucionais, as redes sociais e todas as novas ferramentas que van aparecendo son elementos poderosos para espallar os nosos recursos, a nosa cultura, lingua e as posibilidades turísticas de Teo, á vez que proporcionan información precisa do labor de goberno e das actividades, o que contribúe á transparencia e á participación. Mais tamén hai outras moitas caras: os trámites e a propia xestión administrativa que non se entende sen as computadoras, a relación coa administración na realización de todo tipo de tramites, a inexistencia dunha axeitada cobertura que permita esa comunicación... Por isto:

- Impulsaremos un servizo máis personalizado, no que se acuda ás parroquias para asesorar e axudar ás persoas maiores para o trámite coa administración.
- Promoveremos obradoiros de alfabetización informática.
- Insistiremos na instalación da fibra óptica en todo o Concello así como dunha cobertura de teléfono móbil axeitada e eficiente.

**Teo
Merece
Máis!**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO